



Guía de planificación

Diseño e equipamento dos centros de saúde



Guía de planificación

Diseño e equipamento dos centros de saúde



Xunta de Galicia

Santiago de Compostela, 2008

Edita:

Xunta de Galicia
Servizo Galego de Saúde
División de Asistencia Sanitaria

Deseño, maquetación e impresión:

 *Ofelmaga, s.l.*
Telf.: 981 806 669

Depósito legal:

C 984-2008

Índice

Presentación	5
1. Introducción	7
2. Metodoloxía	11
3. Deseño e tipoloxía dos centros	17
3.1. Definición das áreas de traballo	19
3.2. Tipos de centros	29
3.3. Puntos de atención continuada	36
4. Equipamento nos centros	37
4.1. Equipamento en centros de saúde	41
4.1.1. Área de entrada e administración.....	41
4.1.2. Área asistencial de adultos.....	43
4.1.3. Área asistencial compartida	47
4.1.4. Área asistencial pediátrica.....	51
4.1.5. Área de persoal	54
4.1.6. Áreas de apoio nos centros de saúde	57
• Área da muller	57
• Área de odontoloxía	61
• Área de fisioterapia.....	63
4.2. Equipamento en puntos de atención continuada	69
4.2.1 Área de entrada.....	69
4.2.2. Área de persoal	70
4.2.3. Áreas asistenciais	71
4.3. Equipamento especial.....	76

Presentación

Resúltame moi grato poñer á vosa disposición esta Guía de planificación para o deseño e equipamento dos centros de saúde.

Como sabedes, Galicia ten unha gran dispersión da poboación, polo que a rede de atención primaria da nosa comunidade autónoma ten, proporcionalmente, o maior número de centros de saúde e consultorios de España.

Ademais, non todas as nosas infraestruturas sanitarias reúnen as condicións que hoxe en día nos esixe a cidadanía, nin contan cos requisitos e posibilidades de contorno de traballo que demandan os profesionais da atención primaria. Por iso, impulsamos o Plan director de infraestruturas sanitarias de Galicia 2007-2013, de forma que na actualidade parte destes centros están a ser substituídos, ampliados ou remodelados, cun esforzo investidor sen precedentes, recollendo actuacións en máis de 82 centros. Este esforzo na construción de infraestruturas sanitarias ten como único obxectivo mellorar a saúde de toda a cidadanía do noso país, de xeito que poidamos sentir e dicir que estamos a construír saúde para Galicia.

Aínda que sabemos que a política sanitaria é fundamentalmente servizo ás persoas, actividade profesional, traballo en equipo e organización racional dos recursos, nada disto pode garantirse cun nivel adecuado de calidade se non dispoñemos tanto dun equipamento como dunhas instalacións modernas e eficaces.

Nesta guía, veñen recollidas as principais características que deben ter os centros de saúde, tanto en espazos como en equipamentos de cada unha das salas, de forma que o equipamento e o seu uso está ligado ao persoal que presta atención en cada local. Con ela pretendemos poñer nas vosas mans un documento de

traballo útil, que debe servir tanto para os técnicos da Administración, como para os equipos directivos dos centros e para os profesionais sanitarios de atención primaria.

A guía tamén pretende ser un medio da organización para levar adiante os compromisos acadados dentro do Plan de mellora de atención primaria. Estes compromisos son: estender a cobertura do novo modelo, continuar a mellora de accesibilidade aos dispositivos de apoio da atención primaria e incrementar a capacidade resolutiva dos facultativos mediante a dotación de equipamento e o redimensionamento dos centros. En definitiva, coa guía pretendemos mellorar as condicións de traballo do contorno dos profesionais e con isto o seu grao de motivación, dotando dunha maior autonomía os centros.

Quero darlles as grazas a todas as persoas que participaron na súa elaboración, profesionais sanitarios e técnicos da Administración sanitaria encargados da supervisión, construción e equipamento dos centros. Estou segura de que o voso traballo vai facer máis fácil e digno e servizo sanitario que hoxe en día a sociedade nos demanda.

María José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

Introdución

Á atención primaria de saúde concédeselle tradicionalmente un papel primordial dentro da atención sanitaria por ser a base do sistema sanitario, o primeiro nivel de atención, o nivel máis accesible e a porta de entrada. Por isto, o seu adecuado funcionamento ten unha importancia fundamental na prevención e tratamento dos problemas de saúde da poboación.

A atención primaria foi un elemento clave no desenvolvemento do Sistema Nacional de Saúde español, e a súa reforma influíu moi positivamente na calidade da atención sanitaria prestada á poboación. Transcorridos máis de 20 anos desde o inicio da reforma da atención primaria e dados os cambios ocorridos neste tempo, tanto de carácter tecnolóxico e epidemiolóxico como demográfico, hai coñecemento e experiencia suficiente para avaliar cal foi a súa achega.

O desenvolvemento do novo modelo de atención primaria en Galicia, baseado no modelo asistencial que recolle o Decreto 200/1993, supón dotar os centros de mellor infraestrutura física, incorporar novas prestacións e asegurar a calidade asistencial, aumentando a capacidade de resolución de problemas e incrementando o persoal tanto no número como no tempo de dedicación. Ademais incorpóranse a este nivel asistencial unidades de apoio que permiten axilizar a resposta ás necesidades de saúde da poboación. O novo modelo organízase xeograficamente e funcionalmente nos seguintes dispositivos:

- a) Unidades de atención primaria (UAP). Son as estruturas básicas para a prestación da atención sanitaria integral á poboación e estarán situadas nos centros de saúde. As súas funcións desenvólvense no propio centro, nos consultorios periféricos dependentes, e na Comunidade.

- b) Servizos de atención primaria (SAP). É o nivel organizativo superior e abarcará unha ou varias unidades de atención primaria.
- c) Puntos de atención continuada (PAC) cos que se resolve a atención de urxencia á poboación, xerando estruturas organizativas que aseguren unha prestación de calidade, incluíndo o requisito indispensable da presenza física dos profesionais nos ditos PAC.

Tal e como afirma Bárbara Starfield, un sistema sanitario forte precisa dunha atención primaria (A.P.) forte. Desde hai anos, en todos os foros nacionais se fala da priorización da atención primaria, mais nos orzamentos, que é onde se definen as verdadeiras prioridades, non se reflicte esta importancia. Así, o primeiro nivel asistencial, que protagonizara unha profunda reforma na década dos oitenta, foi perdendo calidade e capacidade de resolución.

Galicia, que chegou tarde á primeira reforma da A.P., colleu agora a dianteira. A modernización da atención primaria en Galicia esixe novas formas de traballo e de relación, polo que no ano 2006 se estableceu un plan de mellora que dera resposta á situación actual da atención primaria na nosa Comunidade. Plan que o Goberno galego asinou coas forzas sindicais e coas organizacións profesionais reflectido nun **Acordo sobre o Plan de mellora da A.P. de Galicia 2007-2011**.

Este Plan céntrase en tres áreas estratéxicas: a calidade asistencial, **a capacidade de resolución** e a continuidade asistencial. Trátase de que os profesionais dos centros de saúde teñan máis tempo para dedicarlles aos pacientes, acceso a máis probas diagnósticas, historia clínica informatizada e prescrición electrónica.

Un dos obxectivos básicos do Plan é o de estender a cobertura do novo modelo, e continuar a mellora de accesibilidade aos dispositivos de apoio da atención primaria; planificar e executar a construción de novos centros de saúde así como a reparación e melloras nos actuais en infraestruturas e equipamento.

Un dos aspectos que recolle o Plan de calidade é o acceso ás probas diagnósticas, feito que en gran parte se resolve dotando de autonomía os centros a través dos equipamentos propios.

O deseño dos centros sanitarios ten tamén un papel fundamental na súa funcionalidade, nas condicións de traballo dos profesionais que realizan o seu labor nos centros e na calidade da atención aos usuarios.

É manifesto que as condicións ambientais de traballo constitúen un dos determinantes no grao de motivación dos profesionais sanitarios, de aí que contar cunha infraestrutura axeitada, tanto no ámbito físico como tecnolóxico, é unha das medidas para ter en conta para diminuír o grao de falta de motivación do persoal.

Esta guía establece os criterios mínimos necesarios e orientativos sobre o deseño e planificación dun futuro centro de saúde ou consultorio na procura dunha maior funcionalidade, contribuíndo a unha boa calidade na atención e a unhas boas condicións de traballo para os profesionais dos centros.

Esta guía defínese como un instrumento de traballo tanto á hora de abordar o deseño dun novo centro ou a reforma dun xa existente así como establecer o equipamento de cada un dos espazos físicos que conforman o centro. Este equipamento está ligado ao uso e persoal que presta a atención nel.

A guía estrutúrase en dous grandes apartados:

1. Tipo de centro.
2. Equipamento dos locais.

Guía de planificación para el **diseño e**
equipamiento
dos centros de saúde

Metodología

2



Metodoloxía

Para a realización desta guía contouse coa colaboración das unidades implicadas na súa posta en marcha e coa máxima participación a través de varios grupos de traballo.

O primeiro grupo foi a mesa de calidade en atención primaria, que dentro da **liña de mellora da capacidade resolutiva** definiu o novo equipamento tecnolóxico co que debían contar os centros de atención primaria que aumentaran a súa carteira de servizos, e unha redistribución do xa existente. Así, a proposta de novo equipamento foi a seguinte:

- Unidades de A.P.:
 - Pulsioxímetro.
 - Coaguchek (TAO en fase B ou C).
 - Bisturí eléctrico e equipo cirurxía menor: lámpada, suturas, drenaxe, punches (cirurxía menor).
 - Crioterapia (“histofreezer”).
 - Eco-doppler (protocolo de atención a enfermidades vasculares periféricas).
 - Fotografía dixital (teledermatoloxía).
 - Centrífuga.

- Servizo A.P.:
 - Tonómetro ocular (valorar en centros grandes).
 - MAPA (Nos centros que contan cun Protocolo sobre indicacións e organización interna dos servizos para

realizar monitorización ambulatoria da presión arterial).

- Ecógrafo (nos centros que contén un protocolo sobre indicacións e organización interna dos servizos para realizar ecografía).
- Retinógrafo dixital (centros moi grandes con protocolo sobre indicacións e organización interna do servizo para realizar teleoftalmoloxía).
- Cooxímetro (nos centros que contén un protocolo sobre indicacións e organización interna do servizo para realizar deshabitación tabáquica).

A partir desta proposta constituíuse un grupo de traballo formado por directivos dos centros de atención primaria, directivos que pola súa vez traballaron de forma directa nos centros como profesionais implicados na atención sanitaria, e representantes das áreas da administración sanitaria implicadas na ordenación, obras e equipamento dos centros de atención primaria.

Grupo de traballo:

Álvarez Prieto, José Luis.

Director de Enfermaría de Atención Primaria de Ourense

Cerecedo Pérez, M^a Jesús.

Xerente de Atención Primaria da Coruña

Do Muiño Joga, Manuel.

Técnico da Subdirección Xeral de Calidade e Programas Asistenciais

Fernández Merino, M^a Carmen.

Directora asistencial de Atención Primaria de Santiago

García Bello, Rafael.

Xefe do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos

Gómez Fernández, José Ramón.
Subdirector xeral de Ordenación Asistencial

Montenegro Teijeiro, Amparo.
Xefa da Sección de Obras

Roura Traseira, Susana.
Xefa do Servizo de Montaxe e Equipamentos

Suárez Domínguez, Mercedes.
Xefa do Servizo de Ordenación Asistencial

O proceso de traballo realizouse entre os meses de marzo e xullo de 2007, coa seguinte orde:

- Iniciouse o traballo definindo o equipamento de cada centro e a súa distribución entre as distintas salas de atención por ser un tema xa abordado na mesa de calidade. Para isto partiuse da proposta da mesa.
- A continuación definíronse os tipos de centros, con base na poboación adscrita, para que se adaptasen ás especiais características da nosa comunidade autónoma, como son a presenza de concellos con baixo número de habitantes e o espallamento da poboación.
- Dentro dos centros definíronse as súas áreas de traballo integrais: administración, xeral, pediátrica, odontoloxía, fisioterapia, maternal...
- Posteriormente, establecéronse os tipos de espazos que se consideraban básicos por cada área e tipo de centro.

Durante o proceso de elaboración recorreuse a outros profesionais tanto dos centros de saúde como dos servizos centrais.

Guía de planificación para el **diseño e**
equipamiento
dos centros de saúde

Diseño **e** tipología
dos centros

3



3.1. DEFINICIÓN DAS ÁREAS DE TRABALLO

Os centros de atención primaria están conformados por unha serie de áreas de traballo comúns a todos eles, dependendo do tamaño do centro a existencia total o parcial delas. Estas son:

ÁREAS XERAIS:

- 1. Área de entrada:** constitúe a área de acceso xeral ao centro conformada polo vestíbulo, que, pola súa vez será o acceso á área administrativa e de información do centro. Esta área debe estar desprovista de calquera barreira arquitectónica que dificulte o acceso ao centro e contará con espazo de cortaventos. Deberá contar cun espazo para cadeira de rodas e padiola de fácil control desde a recepción-mostrador.
- 2. Área administrativa:** é a área de atención aos/ás usuarios/as do centro, do traballo administrativo e do arquivo de historia. Deberá estar situada cerca da área de entrada e contará cunha zona de espera. Desde esta área (recepción-mostrador) debe existir un bo control dos accesos ao centro, das escaleiras e ascensores, no seu caso, e das circulacións e áreas principais.

A superficie da recepción dependerá do número de postos de traballo:

- 1 posto: 12 m²
- 2 postos: 2 x 10= 20 m²

- 3 postos: $3 \times 8 = 24 \text{ m}^2$
- 4 ou 5 postos (límite) = 30 m^2

O mostrador de recepción deberá estar a dous niveis, un alto e outro máis baixo cunha altura que permita ser utilizado como mesa se se achega unha cadeira.

O arquivo de historias clínicas situarase próximo a recepción. Superficie $100 \text{ historias/m}^2$, cun límite de 50 m^2 . Levará un posto de traballo.

3. Área asistencial de adultos: é a área que abarca as consultas dos/as profesionais que atenden a poboación adulta (medicina de familia, enfermaría e outros/as posibles profesionais) así como a consulta do/da traballador/a social, coas súas correspondentes salas de espera e aseos para o público. As consultas estarán comunicadas dúas a dúas (medicina-enfermaría). Haberá o mesmo número de consultas médicas que de enfermaría.

A superficie das consultas pasa dos anteriores 20 metros cadrados a 22 m^2 , esta ampliación será ao longo da planta das consultas, que será arredor de 50 cm o que permitirá variar a situación actual do armario na consulta.

As portas de entrada a consulta e entre consultas serán de 0,925 m de ancho.

Instalaranse persianas ou sistema de escurecemento parcial na zona de exploración de consultas.

Para o cálculo da superficie de espera de consultas só se contan as consultas de medicina xeral e odontoloxía.

- En centros de ata 3.000 hab.: número consultas x 16.
- En centros de mais de 3.000 hab.: número de consultas x 12.

Compartimentaranse os espazos de espera.

- 4. Área asistencial de pediatría:** é a área que abarca as consultas dos/as profesionais que atende a poboación infantil (pediatras e enfermaría). Esta área debe estar sempre situada na planta baixa do centro no caso de que este teña máis dunha planta. A súa zona de espera deberá estar ben diferenciada do resto e será exclusiva para estas consultas. Disporá de aseos pediátricos que terán dous tipos de inodoro (WC), un infantil e outro estándar, e cambiacueiros. Procurarase que esta área estea cerca da área de acceso ao centro. As consultas estarán comunicadas dúas a dúas (pediatría-enfermaría).

Superficie de espera:

- 1 ou 2 pediatras: 24 m²
- Máis pediatras: 36 m²

- 5. Área asistencial compartida:** é a área polivalente por excelencia que contempla diferentes salas, tamén en función do número de usuarios que teñen como referencia o centro, de uso polivalente dirixido fundamentalmente aos/ás usuarios/as do centro: sala de extraccións, sala de curas e/ou cirurxía menor, sala de usos múltiples... Unha delas que se pode dedicar ademais doutros usos á atención das urxencias, debe ser unha das primeiras áreas que o/a usuario/a ha de atopar no seu percorrido polo centro, e estar situada na planta baixa no caso dos centros con máis dunha planta. Esta área contará cunha sala de espera diferenciada.

En centros pequenos na sala polivalente realizarase a cirurxía menor, en centros grandes disporase dunha sala específica que se denominará sala de técnicas.

Nos centros grandes unha das salas polivalentes será a sala de toma de mostras. Sempre será valorada pola XAP a súa necesidade como sala específica en función da organización do traballo no centro. Levará unha encimeira máis grande que a consulta normal e unha padiola, así como mesa de traballo. Para control de terapia anticoagulante oral (TAO), estará dotada de ordenador con conexión a Internet e neveira para a conservación dos medicamentos que o requiran. Esta sala contará con dúas portas, unha de entrada e outra de saída para crear un circuíto de

pacientes e facilitar a mobilidade. Para favorecer esta mobilidade a súa superficie será alongada e contará cunha unha xanela para atender e recoller mostras.

- 6. Área de persoal:** é a área de uso exclusivo por parte do persoal do centro, de fácil acceso para devandito persoal pero de difícil acceso para o público. Esta área debe estar situada sempre na planta baixa do edificio pero no caso de edificios con máis dunha planta, situaranse os vestiarios e o estar do persoal na planta baixa e na planta alta a sala de xuntas, biblioteca e un aseo unisex para o persoal.

En centros pequenos únese a “biblioteca/sala de xuntas” e a “sala de estar do persoal do centro”. En centros grandes estes dous espazos serán contiguos e con posibilidade de unilos mediante un tabique móbil. A sala de estar leva cociña.

A zona de persoal levará un vestiario mixto con ducha.

- 7. Área de servizos:** é a área de almacenaxe e de localización das diferentes instalacións coas que conta o centro. É tamén unha área de uso exclusivo por parte do persoal do centro de difícil acceso para o público. Situarase na planta baixa do centro cando este teña máis dunha, e estará próxima á área de atención xeral. Contará cun acceso directo á rúa. A centralización de instalacións estará próxima á zona de recepción e ventilada.

O almacén de residuos sanitarios, debe cumprir o establecido no Decreto 460/1997, do 21 de novembro. Cumprirá, entre outros, os seguintes requisitos: local ventilado; paramentos de materiais impermeables para facilitar a súa limpeza; disporán de sumidoiro; levarán pechadura con chave.

Haberá un almacén de residuos sólidos urbanos ou sanitarios asimilables a urbanos no interior ou exterior do centro.

O almacén de medicamentos debe ir ventilado aínda que non ten que ser exterior. Superficie. 12 m² ou 20 m² segundo o tamaño do centro.

8. Área de comunicacións: é a área na que se instalará o armario principal de comunicacións, do que partirá toda a infraestrutura dos cables estruturado que lle dará servizo ao centro e na que se instalarán todos os equipos e infraestruturas dos operadores públicos de telecomunicacións. A dita sala deberá ter unhas dimensións mínimas de 10m². Terá acceso controlado e estará situada nas proximidades da recepción do centro, o máis resgardada posible do exterior. Deberá situarse nun punto central do edificio xa que a lonxitude máxima de cable desde o armario de comunicacións ata a toma de datos de usuario será de 90 metros para garantir a calidade do servizo. A esta sala deberán chegar os operadores públicos de telecomunicacións polo que haberá que prever unha acometida de entrada desde o exterior para eles consistente en 3 tubos de 80Ø.

A sala deberá estar lonxe de centros de transformación e libre de elementos de riscos como poden ser baixantes ou canalizacións de auga. Se o centro ten máis plantas que unha, ou por lonxitude hai máis de 90 metros entre o armario e o posto de usuario, será necesario instalar máis armarios de comunicacións polo que se deberá prever unha sala por armario para instalar. Sempre que se teña que instalar máis dun armario de comunicacións estes deberán estar interconectados con fibra óptica multimodo polo que as salas deberán estar conectadas mediante unha canalización suficiente para poder facer o enlace dos armarios con fibra. A canalización que conectará as diferentes salas estará composta por 2 tubos de 60Ø.

O armario de comunicacións disporá de alimentación de SAI, mediante 2 regreteiros de corrente enracados no propio armario con 8 enchufes tipo schucko cada unha. Ademais, deberá existir na sala tomas de alimentación "sucias". (Ver a normativa corporativa elaborada pola Subdirección Xeral de Información e de Servizos Tecnolóxicos sobre instalacións de cables estruturado, que deberá ser cumprida en todas as instalacións que se fagan nos centros dependentes da Consellería de Sanidade – Servizo Galego de Saúde).

Adicionalmente, naqueles centros que dispoñan de ascensor ou alarma, será necesario instalar tomas de cable estruturado para a conexión de cada un deses dispositivos á centralíña.

ÁREAS ASISTENCIAIS DE APOIO

- 9. Área de atención á muller:** é unha área específica para contemplar en centros dun determinado tamaño. É conveniente que estea situada na planta baixa do centro cando este teña máis dunha planta, e afastada da área de pediatría.

Os centros pequenos non levarán “sala da muller” e na consulta polivalente deixarase espazo para exploración xinecolóxica, instalando na zona de entrada unha mesa de traballo pequena cunha cadeira ao fondo separada por unha cortina de persiana da zona de exploración xinecolóxica.

- 10. Área de saúde bucodental:** é tamén unha área específica para contemplar nalgúns centros. É a área de atención odontolóxica. Terá a súa sala de espera diferenciada, ademais das consultas de odontoloxía e hixienista dental, que estarán comunicadas entre si. Contemplarase un pequeno cuarto insonorizado e ventilado anexo ás consultas para a localización do compresor.

A cadeira de brazos de odontoloxía situarase na zona da ventá de costas a ela. Contará cun reforzo se leva tabique de pladur para a instalación de aparello de RX dental.

- 11. Área de fisioterapia:** esta unidade de apoio ao igual que a de odontoloxía é unha área específica para contemplar nalgúns centros con alto número de poboación asignada ou que sexan referencia para outras unidades.

O número de boxes das unidades de fisioterapia estarán en función do número de profesionais que traballen nelas, teñen un mínimo de 4 boxes, dous deles deben estar illados (gaiola de Faraday) un para a onda curta e outro para as microondas, estes dous últimos estarán illados segundo a Directiva 2004/40/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004.

Na sala de fisioterapia existirá unha zona para maniluvios e pediluvios que conste de dous lavabos para mans e dous lavabos para pés cun

desaugadoiro no sitio e unha cortina que separe ese espazo nun momento dado para evitar salpicaduras e que se poida esvarar.

Outras consideracións:

Cando o centro conta con máis dunha planta hai que contemplar aseos para o público e discapacitado/a en cada unha delas. Así mesmo, á parte dos aseos e vestiarios do persoal contemplarase un aseo unisex para o persoal nas outras plantas, se o centro é grande. Este aseo unisex será dun só módulo: un inodoro e un lavabo.

No caso de que no centro se contemple un espazo para a saúde pública, o despacho irá situado na área administrativa e terá capacidade para dous postos de traballo (farmacéutico/a e veterinario/a). O espazo requirido así como as necesidades de conexión serán equivalentes ás especificadas anteriormente para posto médico.

Nos centros docentes haberá consultas de residente dentro da área de adultos. O número de consultas calcúlase en base á porcentaxe de titor/as que hai no centro. Cada consulta irá comunicada cunha de medicina e outra de enfermaría. A distribución será: residente-titor/a-enfermeiro/a.

Nos PAC dos centros con docencia tamén haberá tanto unha consulta como un dormitorio a maiores para o MIR.

No caso de centros de máis de dúas plantas sería conveniente contemplar un pequeno *office* duns 5 m² nunha das plantas altas segundo o número de plantas que teña o centro.

Un centro pequeno nunca levará (salvo casos moi xustificadas):

- Toma de mostras.
- Odontoloxía.

Tampouco levará, salvo que xa existan:

- Sala da muller.
- Pediatría.

As áreas de odontoloxía e fisioterapia poden estar situadas en centros pequenos pero atenden a todo o municipio ou a varios limítrofes que conformen un servizo de atención primaria.

A aula de formación pasa a denominarse sala de educación para a saúde. Dúas opcións de superficie: 30 m² ou 40 m². Levará en local anexo un almacén para colchóns e un vestiario. As necesidades de espazo no caso de que se desexe incluír equipamento informático son equivalentes ás descritas no apartado de “Observacións relativas ás necesidades de instalacións informáticas / ofimáticas / electromédicas”, tendo en conta que só existirá unha impresora para toda a aula. As necesidades de conexión serán as mesmas que se especificaron para cada un dos elementos descritos só que máis elevadas, en función do número e distribución dos equipos na aula. Sería necesario como material de apoio para a aula: un proxector (e unha mesa) coa súa pantalla correspondente.

Os centros de máis de 10.000 habitantes e os PAC levarán osíxeno centralizado e toma de baleiro. No caso dos centros de saúde nunha consulta polivalente e na consulta de enfermaría pediátrica, e nos PAC na sala de observación.

Observacións relativas ás necesidades de instalacións informáticas / ofimáticas / electromédicas.

Necesidades de dotación para equipamento informático (independentemente da súa localización: UAP, SAP ou PAC):

Necesidades de espazo:

- **Equipo** - a CPU debería ir colgada da mesa cunhas bridas ou soporte, sobre todo tendo en conta que o seu tamaño medio (35 * 40 cm resta moito espazo riba da mesa). En relación ao resto do equipamento, hai que contar que sobre unha mesa ocupan a seguinte superficie:
 - o Impresora (35 x 40 cm). Situala sobre a CPU pode resultar pouco ergonómico.
 - o Monitor TFT de 19” sobre a mesa (35 x 45 cm). Deberán deixarse como mínimo 50 cm de altura libre sobre o lugar onde se instalará para permitir a súa regulación en altura.
 - o Tamén hai que contar co espazo para un teclado con lector de banda e chip (45 x 30 cm), rato e alfombriña (25 x 20 cm), espazo para apoiar os brazos,...

- o No caso de teclados con lector de tarxeta chip que se desexen instalar nunha bandexa corrediza baixo da mesa, hai que ter en conta a altura de teclado coa tarxeta inserida (ao redor de 12 cm).
- **Impresora de tickets de solicitude de cita** - só para o caso de postos administrativos os requirimentos de espazo son de (25 x 15 cm).
- **Impresora cita previa** - necesitarase un espazo adicional para este tipo de impresoras (60 x 50 cm) que sempre se situarán nun espazo reservado preto de cita previa (mostrador de cita previa, sala de arquivo, despacho adxunto ao mostrador para cita previa telefónica,...) e cuxa finalidade é a impresión de listaxes ou impresións de grande envergadura. A súa altura pode ser considerable segundo o número de bandexas que leven (80 cm).
- **Outros periféricos (escáner, equipo electromédico,...)** necesitarán unha mesa adicional situada no lugar de traballo.

Necesidades de conexión:

En canto aos requirimentos de distancia e número de tomas de alimentación, teléfono e datos, existen dúas alternativas:

- **Integrado baixo da mesa:** é a solución preferible.
 - o Posto médico
 - Tomas de alimentación: mínimo 3 tomas (monitor, CPU e impresora).
 - Cómpre instalar tomas adicionais no caso de existir chamados para os pacientes (1 toma de alimentación adicional).
 - Tomas de datos: mínimo dúas, impresora e CPU.
 - Á parte das tomas que sexan necesarias no caso de utilizar dispositivos telefónicos non-IP tales como faxes.
 - o Mostrador de cita previa
 - Tomas de alimentación: irá en función do número de postos administrativos (3 mínimo para CPU, monitor, impresora de tickets).
 - Outra toma de alimentación será necesaria en caso de existir impresora de rede.
 - No caso de existir impresoras adicionais, cómpre instalar unha toma de alimentación por cada un destes equipos.

- Tomas de datos: estará tamén en función do número de postos administrativos (mínimo unha por CPU máis outra adicional por cada impresora láser ou de tickets, ...)
 - Tomas de voz: en función dos dispositivos telefónicos non IP do mostrador, principalmente faxes.
- **Non integrado baixo a mesa:**
 - o As necesidades de tomas son como no caso anterior, pero cómpre atención ás distancias:
 - Tomas de alimentación: no caso de necesitarse alongador a distancia máxima entre a toma de alimentación e a mesa debería ser de 2 m.
 - No caso das tomas de datos: (máximo 2 m de distancia).
 - Tomas de voz: (máximo 2 m de distancia).

Outro equipamento:

No caso de que, na consulta, existise a necesidade de instalación doutro material electromédico (incluído dentro do novo equipamento tecnolóxico co que deben contar os centros de atención primaria), habería que considerar a necesidade de instalar, polo menos, unha toma de alimentación por aparello e, a ser posible, unha toma de rede para cada equipo que poida facer uso del, aínda que inicialmente no se adquirise esta conexión.

Hai que ter en conta a necesidade de dispoñer de armarios ou caixóns onde poder gardar aquel equipamento de pequeno tamaño que sexa propenso ao extravío, roubo ou rotura.

Saúde e riscos laborais:

Todo o mobiliario deberá cumprir, tanto no relativo á súa estrutura como no relativo á súa colocación con respecto ás fontes de luz, coa normativa aplicable en materia de saúde e riscos laborais.

3.2. TIPOS DE CENTROS

Establécense tres tipos de centros en función do volume de poboación para atender e da funcionalidade para a prestación da asistencia:

- Centro tipo A: centro de saúde pequeno no que a poboación de referencia é menor a 3.000 habitantes.
- Centro tipo B: centro de saúde mediano no que a poboación de referencia oscila entre 3.000 e 10.000 habitantes.
- Centro tipo C: centro de saúde grande no que a poboación de referencia oscila entre 10.000 e 20.000 habitantes.

Aínda que se considera que a poboación máxima que debe estar adscrita a un centro está sobre os 20.000 habitantes, este dato non é ríxido posto que a edificación dun centro novo no concello que pasa deste número de habitantes estará en función de varios parámetros:

- o Número de habitantes que superen os estándar.
- o Capacidade de crecemento do concello.
- o Dispersión dos habitantes dentro do concello.

A continuación detállase a tipoloxía de cada un dos centros definindo as áreas de traballo e dentro delas os espazos para contemplar o seu dimensionamento, que poden ser unha medida única ou un rango en función do número exacto da poboación de referencia e o volume de profesionais que integren a asistencia.

Establécese un apartado específico para os puntos de atención continuada, aínda que por norma irán dentro do espazo físico dun centro de saúde.

TIPO A: CENTRO DE SAÚDE PEQUENO

POBOACIÓN: MENOR DE 3.000 HABITANTES

		Metros cadrados útiles
1. ENTRADA CON ACCESO AMBULANCIA BAIXO TEITO		
	VESTÍBULO	15
	ESPAZO PARA PADIOLA/ CADEIRA RODAS	6
	ÁREA ESPERA RECEPCIÓN	10
	RECEPCIÓN+MOSTRADOR (1 POSTO)	12
	ARQUIVO HISTORIAS CLÍNICAS	0,01 por historia
	CENTRALIZACIÓN INSTALACIÓNS	9
	RACK/ELECTRICIDADE/TELEFONÍA/SAI	10
	ÁREA DE COMUNICACIÓNS	10
2. ASISTENCIA SANITARIA		
ÁREA ADULTOS		
	CONSULTA MEDICINA XERAL	22
	CONSULTA ENFERMARÍA	22
	SALA POLIVALENTE	22
	ESPERAS	16 m²/ SAA
ÁREA PEDIÁTRICA		
	PEDIATRÍA	22
	ENFERMARÍA	22
	ESPERAS PEDIATRÍA	24 m²
3. ÁREA DE PERSOAL		
	BIBLIOTECA/SALA DE XUNTAS/SALA DE ESTAR	25
	VESTIARIOS	12
4. SERVIZOS		
	ASEOS PÚBLICOS ADAPTADOS	6
	ASEO PEDIATRÍA CON CAMBIADOR DE CUEIROS	6
	ALMACÉN RESIDUOS SANITARIOS	2
	ALMACÉN RESIDUOS	6
	OFICIO LIMPO	5
	OFICIO SUCIO	5
	ALMACÉN (medicamentos + curas + outros)	10
	INSTALACIÓNS	20

TIPO B: CENTRO DE SAÚDE MEDIANO
POBOACIÓN: DE 3.000 A 10.000 HABITANTES

**Metros cadrados
útiles**

1. ENTRADA CON ACCESO AMBULANCIA BAIXO TEITO

VESTÍBULO	21
ESPAZO PARA PADIOLA/ CADEIRA RODAS	6
ÁREA ESPERA RECEPCIÓN	15
RECEPCIÓN+MOSTRADOR (2 POSTOS)	20
ARQUIVO HISTORIAS CLÍNICAS	0,01 por historia
SALA DE XESTIÓN DE INFORMACIÓN	8
TRABALLADOR/A SOCIAL	
DESPACHO	12
ESPERA	8
CENTRALIZACIÓN INSTALACIÓNS	9
RACK/ELECTRICIDADE/TELEFONÍA/SAI	
ÁREA DE COMUNICACIÓNS	10

2. ASISTENCIA SANITARIA

ÁREA ADULTOS	
CONSULTA MEDICINA XERAL	22
CONSULTA ENFERMARÍA	22
SALA POLIVALENTE	22
SALA DE TOMA DE MOSTRAS	22
CONSULTA DE ODONTOLOXÍA	22
SALA DE TÉCNICAS	22
ESPERAS	12 m ² / SAA
ÁREA PEDIÁTRICA	
PEDIATRÍA	22
ENFERMARÍA	22
ESPERAS PEDIATRÍA	1-2 pediatras 24 m ² > 2 pediatras 36 m ²
ÁREA DA MULLER	
CONSULTA DA MULLER CON ASEO	26
CONSULTA DA MATRONA CON ASEO, ESTE TERÁ CAMBIADOR DE CUEIROS	26
SALA DE EDUCACIÓN PARA A SAÚDE	30
ALMACÉN	8
VESTIARIOS	6

**Metros cadrados
útiles**

3. ÁREA DE PERSOAL

BIBLIOTECA/SALA DE XUNTAS/SALA DE ESTAR	25
VESTIARIOS	12

4. FISIOTERAPIA

ACCESO	9
VESTIARIOS	5+5
CONSULTA FISIOTERAPEUTA	12
ESPERA	8
SALA FISIOTERAPIA	100
CABINAS TRATAMENTO (mínimo de 4)	9
ASEO	6

5. SERVIZOS

ASEOS PÚBLICOS ADAPTADOS	6
ASEO PEDIATRÍA CON CAMBIADOR DE CUEIROS	6
ALMACÉN RESIDUOS SANITARIOS	2
ALMACÉN RESIDUOS	6
OFICIO LIMPO	5
OFICIO SUCIO	5
ALMACÉN (medicamentos + curas + outros)	12
INSTALACIÓNS	20

TIPO C: CENTRO DE SAÚDE GRANDE

POBOACIÓN: MÁIS DE 10.000 HABITANTES

Metros cadrados
útiles

1. ENTRADA CON ACCESO AMBULANCIA BAIXO TEITO

ACCESO	
VESTÍBULO	21
ESPAZO PARA PADIOLA/ CADEIRA RODAS	6
ÁREA ESPERA RECEPCIÓN	15
RECEPCIÓN+MOSTRADOR (3-5 POSTOS)	24-30
ARQUIVO HISTORIAS CLÍNICAS	0,01 por historia
SALA DE XESTIÓN DA INFORMACIÓN	8
TRABALLADOR/A SOCIAL	
DESPACHO	12
ESPERA	8
CENTRALIZACIÓN INSTALACIÓNS	9
RACK/ELECTRICIDADE/TELEFONÍA/SAI	
ÁREA DE COMUNICACIÓNS	10

2. ASISTENCIA SANITARIA

ÁREA ADULTOS	
CONSULTA MEDICINA XERAL	22
CONSULTA ENFERMARÍA	22
SALA POLIVALENTE	22
SALA DE TOMA DE MOSTRAS	22
CONSULTA DE ODONTOLOXÍA	22
CONSULTA DE HIXIENISTA DENTAL	22
CONSULTA DE DOCENCIA	22
SALA DE TÉCNICAS	22
ESPERAS	12 m2/ SAA
ÁREA PEDIÁTRICA	
PEDIATRÍA	22
ENFERMARÍA	22
ESPERAS PEDIATRÍA	1-2 pediatras 24 m ² > 2 pediatras 36 m ²

	Metros cadrados útiles
ÁREA DA MULLER	
CONSULTA DA MULLER CON ASEO	26
CONSULTA DA MATRONA CON ASEO, ESTE TERÁ CAMBIADOR DE CUEIROS	26
SALA DE EDUCACIÓN PARA A SAÚDE	40
ALMACÉN	8
VESTIARIOS	6
3. ÁREA DE PERSOAL	
BIBLIOTECA/SALA DE XUNTAS	25
SALA DE ESTAR	20
VESTIARIOS	12
DESPACHO DE XESTIÓN	12
4. FISIOTERAPIA	
ACCESO	9
ASEO	6
CONSULTA FISIOTERAPEUTA	12
VESTIARIOS	5+5
ESPERA	8
SALA FISIOTERAPIA	100
CABINAS TRATAMENTO (MÍNIMO 4)	9
5. SERVIZOS	
ASEOS PÚBLICOS ADAPTADOS	6
ASEO PEDIATRÍA CON CAMBIADOR DE CUEIROS	6
ALMACÉN RESIDUOS SANITARIOS	2
ALMACÉN RESIDUOS	6
OFICIO LIMPO	5
OFICIO SUCIO	5
ALMACÉN (medicamentos + curas + outros)	20
INSTALACIÓNS	20

Os criterios básicos para a planificación do espazo nos centros basearanse no acordado na mesa de calidade de atención primaria que establece como ratios por profesional os seguintes:

Número de TIS por médico e enfermeira:

- Cota base para o cálculo de necesidade de profesionais: 1.250 TSI.
- As cotas deben pechase ao chegar a 1.500 TSI.
- A cota mínima debe ser maior de 750 TSI.
- % \geq 65 anos da cota: non debe haber máis dun 20% de diferenza respecto da media do centro.

Número de TIS por pediatra:

- Cota base para o cálculo de necesidades de profesionais: 800 TSI.
- Cota máxima: 1.200 TSI.
- Cota mínima: 400 TSI.
- En xeral: non $>$ 1.000 e non $<$ 500 nenos.
- % nenos $<$ 3 anos: non debe de haber máis dun 20% de diferenza respecto da media da área.

Número de TIS por PSX:

- Sempre haberá un mínimo de 1PSX por centro, e ademais outro por cada 3 facultativos.
- 3.000 - 4.500TIS/PSX, 1PSX/3 cotas médicas.

Traballadora social:

- Mínimo 1 en cada servizo de atención primaria (SAP)

Matrona:

- Aumentar paulatinamente a incorporación de matronas aos centros, a lo menos 1 por cada SAP.

Auxiliar de enfermaría:

- Mínimo 1 por SAP.

Unidades de saúde bucodental:

- 1 odontólogo e 1 hixienista cada 20.000-25.000h.

Unidades de fisioterapia:

- 1 fisioterapeuta cada 10.000-15.000 TSI.

3.3. PUNTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA

Hai que facer mención especial ao dimensionado dos PAC. Estas unidades de atención continuada case sempre están situadas nun centro de saúde, pero teñen unha organización independente do centro onde están situados e unha entrada propia.

**Metros cadrados
útiles**

1. ACCESO AMBULANCIAS BAIXO TEITO

2. ÁREA DE RECEPCIÓN

VESTÍBULO	21
ESPAZO PARA PADIOLA/CADEIRA DE RODAS	6
ÁREA ESPERA RECEPCIÓN	15
RECEPCIÓN + MOSTRADOR (1 POSTO)	12
ZONA DESCANSO CELADOR	8
ARQUIVO HISTORIAS CLÍNICAS	8
SALA DE ESPERA	20-30
ASEOS PÚBLICOS ADAPTADOS	6

3. ASISTENCIA SANITARIA

C. MEDICINA XERAL	22
CONSULTA ENFERMARÍA	22
SALA OBSERVACIÓN C/ASEO	22
SALA DE CRÍTICOS	24

4. ÁREA DESCANSO

DORMITORIO C/ASEO	12
SALA DE ESTAR/COCIÑA	20

5. SERVIZOS

OFICIO LIMPO	5
OFICIO SUCIO	5
ALMACÉN (medicamentos + curas + outros)	20

Guía de planificación para el **diseño e**
equipamiento
dos centros de saúde

Equipamento
nos
centros

4



Equipamento nos centros

EQUIPAMENTO DE OFICINA E ELECTROMÉDICO

